



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego

Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01932			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia, de carácter eminentemente práctico, ten por obxectivo que o alumnado se familiarice co tipo de textos e contextos de tradución habituais no eido cultural do inglés ao galego e na diversidade de temas, encargos e tarefas ligadas ao exercicio desta profesión nos servizos culturais. Preténdese que ao longo do cuadrimestre o alumnado adquira ou perfeccione as competencias necesarias para o seu desenvolvemento como profesional na tradución directa do inglés ao galego neste ámbito.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A10	Capacidade de traballo en equipo
A11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A12	Posuír unha ampla cultura
A15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
A16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A20	Facilidade para as relacións humanas
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
A26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
A27	Capacidade de razoamento crítico
A28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
A29	Formación universitaria específica
A32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
A33	Dominio oral e escrito da lingua propia
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia

B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Dominar a mediación lingüística entre inglés e galego: documentación, pescuda terminolóxica, detección de dúbidas, coñecemento das normas de cada unha das linguas, fundamentación de escollos e formación de criterio propio, coñecemento das implicacións sociolingüísticas e culturais da mediación inter- e intracultural, comprensión, expresión, creatividade, coherencia textual, sensibilidade e riqueza lingüísticas e culturais, autonomía e capacidade de aprendizaxe permanente.	A3	B1
	A4	B2
	A9	B4
	A12	B7
	A22	B8
	A28	B9
		B10
		B12
		B18
		B22
Familiarizarse coas características da tradución entre estas dúas linguas no eido dos servizos culturais: consolidar a competencia tradutora, saber aplicala aos distintos tipos de textos e contextos e coñecer os procedementos e encomendas habituais do sector.	A2	B8
	A3	B9
	A9	B10
	A12	B11
	A17	B14
	A18	B15
	A20	
	A21	
	A33	
Coñecer e manexar todas as fontes de documentación ao noso alcance para traducir con profesionalidade textos do ámbito dos servizos culturais na combinación lingüística inglés>galego.	A5	B5
	A8	B6
	A26	
Saber defender, avaliar e realizar con profesionalidade traducións a partir de un amplo abano de textos, encargos e formatos característicos de diversos ámbitos culturais na combinación lingüística inglés>galego.	A10	B3
	A11	B4
	A15	B12
	A16	B14
	A17	B15
	A18	B16
	A19	
	A20	
	A21	
	A22	
	A29	

Coñecer a diversidade de ámbitos de especialidade e tipoloxías textuais da tradución no eido dos servizos culturais entre o inglés e o galego. Ampliar a cultura xeral, ser conscientes das lagoas propias e fomentar a curiosidade.	A12	B8
	A25	B9
	A26	B10
	A27	B11
	A29	B13
	A32	B14
		B15
		B16
		B17
		B18
		B19
		B22
		B23

Contidos

Tema	
Os servizos culturais: diversidade de textos e contextos	A cultura e os servizos culturais: realidades, necesidades e posibilidades de tradución entre o inglés e o galego. Achegamento e recoñecemento da diversidade e amplitude do universo dos servizos culturais (turismo, artes, divulgación, relacións internacionais, organización de actos e congresos, sociedade civil, ámbito institucional...) e das políticas culturais e os seus axentes (representantes e xestores públicos, empresas, fundacións, ONG, responsables internacionais e locais...).
Identificación e análise contrastiva e tradutiva dos usos e convencións das linguas inglesa e galega no eido dos servizos culturais.	Exemplos de tipoloxías textuais das distintas disciplinas artísticas e industrias culturais (arquitectura, artes, turismo, medios de comunicación, literatura, etc.): páxinas web, folletos divulgativos e publicitarios, textos institucionais e académicos, técnicos, epistolares, obras de teatro, poemas, cancións, entrevistas, etc.
Recursos para a tradución inglés-galego nos servizos culturais	Terminoloxía, aplicacións, programas de apoio, ferramentas informáticas, documentación, recursos humanos.
A xestión e planificación do traballo de tradución nos servizos culturais: decisións que inflúen na calidade e procedementos habituais do sector	Recreación do proceso de aceptación, xestión e realización dunha tradución no ámbito profesional (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...). Crítica e xustificación das decisións que se toman ao longo do proceso de planificación e xestión dunha tradución no ámbito dos servizos culturais.
Tradución de textos do ámbito dos servizos culturais	Encargas e realización individual e colectiva de traballos de tradución reais ou textos susceptibles de seren traducidos no ámbito profesional. Os factores que inflúen no trasvase intercultural, o propósito da tradución, as implicacións artísticas, as limitacións de formato, o paratexto. A adaptación, a tradución á vista. Crítica e xustificación das decisións que se toman ao longo do proceso de realización dunha tradución no ámbito dos servizos culturais, desenvolvemento da pericia.
A revisión e corrección de textos: procedementos habituais do sector	Os símbolos de corrección, o alcance da revisión, tipos de revisión, o formato da revisión, a corrección lingüística e a revisión tradutora.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	6	9
Estudo de casos/análises de situacións	10	20	30
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	10	25	35
Debates	5	7.5	12.5
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	2	6
Metodoloxías integradas	13	32.5	45.5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Actividades introductorias	Presentación da docente e do alumnado. Posta en común dos coñecementos previos e intereses particulares sobre a materia por parte do alumnado. Repaso das fontes de documentación útiles para a tradución nos servizos culturais entre inglés e galego.
Estudo de casos/análises de situacións	Simulación de situacións reais de tradución e toma de decisións por parte de alumnado sobre os numerosos factores que inflúen na realización dun traballo de tradución de calidade (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...).
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Detección, investigación, resolución e xustificación dos numerosos casos e tipos de problemas de tradución que poden xurdir na tradución dos distintos exemplos e tipoloxías de textos propostos na clase.
Debates	Posta en común razoada e crítica sobre as dúbidas, inqedanzas e lagoas xurdidas no transcurso das distintas tarefas realizadas ou encargadas na clase.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a charlas, mesas redondas e actividades culturais relacionadas co ámbito de especialidade da materia.
Metodoloxías integradas	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución profesional no ámbito dos servizos culturais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Tanto durante as clases como nas horas de titoría, animarase ao alumnado a participar e propor liñas de traballo, debate ou investigación que sexan do seu interese persoal ou profesional. Recoméndase especialmente que aqueles alumnos que detecten lagoas nalgunha das competencias ou áreas de coñecemento necesarias para a superación da materia, se poñan en contacto coa docente, ben nas horas de clase, ben nas titorías, para que esta lles aconselle métodos ou lecturas para superalas de xeito autónomo antes da fin do cuadrimestre.
Metodoloxías integradas	Tanto durante as clases como nas horas de titoría, animarase ao alumnado a participar e propor liñas de traballo, debate ou investigación que sexan do seu interese persoal ou profesional. Recoméndase especialmente que aqueles alumnos que detecten lagoas nalgunha das competencias ou áreas de coñecemento necesarias para a superación da materia, se poñan en contacto coa docente, ben nas horas de clase, ben nas titorías, para que esta lles aconselle métodos ou lecturas para superalas de xeito autónomo antes da fin do cuadrimestre.
Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Tanto durante as clases como nas horas de titoría, animarase ao alumnado a participar e propor liñas de traballo, debate ou investigación que sexan do seu interese persoal ou profesional. Recoméndase especialmente que aqueles alumnos que detecten lagoas nalgunha das competencias ou áreas de coñecemento necesarias para a superación da materia, se poñan en contacto coa docente, ben nas horas de clase, ben nas titorías, para que esta lles aconselle métodos ou lecturas para superalas de xeito autónomo antes da fin do cuadrimestre.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución profesional no ámbito dos servizos culturais (encargos de tradución, revisión, etc.).	50
Debates	Participación activa na posta en común razoada e crítica sobre as dúbidas, inqedanzas e lagoas xurdidas no transcurso das distintas tarefas realizadas ou encargadas na clase.	10
Metodoloxías integradas	Reflexión sobre a aprendizaxe ao longo da materia mediante a entrega dun portafolio/relatorio seguindo as pautas explicitadas na clase.	*
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realización dunha ou varias probas presenciais de tradución xustificada.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación: continua e única. Estes son incompatibles e hai que optar por un ou outro nas primeiras sesións. Para acollerse á avaliación continua é preciso participar en todas as actividades da materia e realizar as probas e encargos correspondentes. As metodoloxías descritas na sección "Avaliación" desta guía docente fan referencia á avaliación continua.

A avaliación continua inclúe, ademais dos debates e encomendas (60%), unha primeira proba de tradución e corrección e outra de tradución, revisión e coñecementos de xestión durante a última sesión do curso (40%).

De non superar algunha destas dúas (as do 40%) probas, o alumnado de avaliación continua poderá repetila(s) o día do exame de avaliación oficial de xullo.

No caso de avaliación única, a avaliación consistirá nunha proba presencial (durante a última sesión do curso) de realización de tarefas propias da tradución profesional no ámbito dos servizos culturais (60%) e na entrega dunha encarga de tradución profesional xustificada conforme a unhas determinadas condicións establecidas pola docente (40%). A/o alumna/o que desexe presentarse á avaliación única deberá poñerse en contacto coa docente un mes antes da finalización das sesións para informarse sobre as características da encarga de tradución, que deberá entregar no día da proba de avaliación presencial (última sesión do curso ou en xullo na data fixada polo centro).

Bibliografía. Fontes de información

Xunto ás referencias que eventualmente se lles indiquen ós alumnos en clase, serán indispensables as seguintes obras:

Álvarez, Rosario & Xove, Xosé. (2002) Gramática da lingua galega. Vigo: Galaxia.

Castro Macía, Luís. 2006. Dicionario Xerais de sinónimos e antónimos . Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Dicionario moderno inglés-galego (2012). Ames: 2.0 Editora.

Even-Zohar, Itamar (1996) [A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario]. Tradución galega de Gómez Clemente, Noia Campos e Sola Bravo, *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 2, 1996, pp. 57-65.

Fernández Salgado, Benigno (dir.). 2004. Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega . Vigo: Galaxia.

Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega (2000) Vigo: Xerais.

Guinovart, Xavier. (coord.) (2008) Dicionario CLUVI inglés-galego.<http://sli.uvigo.es/diccionario>

Noia Campos, Camiño, Gómez Clemente, Xosé María e Benavente, Pedro (1997). Dicionario de sinónimos da lingua galega. Vigo: Galaxia.

RAG-ILG (2003) Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. 18ª ed., revisada. A Coruña: RAG-ILG.

Webster's Third New International Dictionary of the English Language Unabridged. Edited by Philip Babcock Gove (1993). Colonia: Könenmann.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Idioma 2, III: Inglés/V01G230V01305

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego/V01G230V01609